



CONVOCATORIA ABERTA PARA DÚAS ACCIÓNS FORMATIVAS DE PREPARACIÓN COMPETENCIAS CLAVE NIVEL 2

Destinatarios/as: persoas desempregadas empadroadas en Narón, maiores de 18 anos. O requisito do empadroamento será verificado o último día do prazo de presentación de solicitudes, e o da idade terá que cumprirse no primeiro día de execución da acción.

Prazo de solicitudes: Desde o 15 de abril ás 8:30 horas ata o 30 de abril de 2019, ás 13:30 horas.

Poderanse admitir solicitudes fóra de prazo, sempre que existan prazas vacantes.

Lugares de presentación de solicitudes: Rexistro Xeral do Concello de Narón, de 8:30 a 13:30 horas, así como polos restantes medios contemplados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Formulario de solicitudes: Dispoñible no Rexistro Xeral e na Sede Electrónica do Concello de Narón.

Selección do alumnado:

1- Terán prioridade aquelas persoas inscritas nas probas de avaliación en competencias clave para acceder aos certificados de profesionalidade de nivel 2 de cualificación, convocadas pola Xunta de Galicia baixo a Resolución do 25 de febreiro de 2019 (DOG do 4 de marzo de 2019). Por elo, de ser o caso, xunto coa instancia deberá de presentarse unha fotocopia da solicitude rexistrada nas probas de competencias clave de nivel 2, da convocatoria indicada.

2-Reserva do 20% das prazas en cada curso de derivación polo Servizo Sociocomunitario, que de non cubrirse pasan a engrosar o ordinario por orde de inscrición.

3-A selección do restante alumnado se levará a cabo por rigurosa orde de inscrición.

Notificación ao alumnado admitido: se lles comunicará telefonicamente a súa admisión como alumno/a no curso cunha antelación mínima de 3 días antes do inicio do curso, sempre que cumpran os requisitos de acceso, sen prexízo da notificación na forma elixida na solicitude.

Ademais, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello o listado de persoas admitidas, suplentes e excluídas.

Documentación a presentar, no caso de ser admitido/a: tarxeta de demandante de emprego e NIF (ou similar), no prazo de tres días dende a comunicación da admisión. Ademais declaración responsable de non dispor da titulación necesaria para acceder á formación dos certificados de profesionalidade de nivel 2.

O alumnado seleccionado terá que comprometerse a cumprir as normas dos cursos.

O concello resérvase a posibilidade de anular estas accións formativas no caso de que non se cubra o 70% da participación prevista.

Para máis información, contactar coas seguintes persoas do Servizo Sociocomunitario:

Angel Alvarez: 981 337 700, ext. 2602

Angela Lagoa: 981 337 700, ext. 1123

Margarita Fresnillo: 981 337 700, ext. 1120

Montse Garel: 981 337 700, ext. 1107

E na sección de *servizos, formación e actividades municipais* da páxina web do Concello

Ámbito interprofesional

Código	Título	Lugar	Núm. alumnos/as	Horas	Horarios e datas previstas
001	Preparación Competencias Clave Nivel 2 (Matemáticas, lingua castelá e galega)	Centro municipal de formación (A Gándara)	15 por curso. Total 30	60 cada curso	Do 6 ao 24 de maio. De L-V. De 9:15 a 13:45 horas.